

CONTRATOS-PROGRAMA 2017-18

Neste curso 2017-18 o IES Marco do Camballón participa na convocatoria dos Contratos-Programa dentro das seguintes liñas e coas actuacións concretas que se detallan:

2a. Mellora das competencias clave. Competencia matemática

1. Taller de iniciación ao xadrez (para os máis pequenos)
2. Campionato de xadrez (con partidas ao longo de todo o ano para facer un ranking a modo dun handicap e cunha fase final)

2b. Mellora das competencias clave. Competencia en comunicación lingüística

1. Lectura nas aulas: desde hai xa cinco cursos, dedícase á lectura 1/2 sesión semanal fixada previamente nun horario específico para todos os cursos e grupos de ESO. Durante ese tempo, todo o mundo, alumnado e profesorado deberá ler os contidos que desexe, agás libros de texto e deberá habituarse a traelos para esas sesións, tratando así de crear un ambiente propicio e favorecer hábitos lectores. A actividade realízase con independencia da materia que se debese impartir nesa sesión e participa todo o profesorado do centro.
2. Lectura nas horas de garda (carros de lectura)
3. Desdobramentos nas ensinanzas de linguas
4. Excursión final co alumnado que participa no club lectura

3. Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros

1. Creación e supervisión da figura do alumno-titor, dentro dun método de aprendizaxe cooperativa. O alumnado titor será de bacharelato e practicará habilidades sociais, asumindo a acción titorial co alumnado doutras etapas educativas seleccionado polo Departamento de Orientación, segundo as necesidades particulares.
2. Xornadas de formación sobre intelixencia intrapersonal: autoconciencia, control emocional e capacidade de automotivación, así como de motivar aos demais.
3. Xornadas de formación sobre interpersonal: empatía e habilidades sociais.
4. Continuación de charlas sobre:
 - Uso seguro e riscos de internet (2º e 3º de ESO)
 - Prevención de drogadicción (2º, 3º e 4º ESO e FP básica)
 - Prevención de acoso escolar (1º e 2º ESO, dentro do programa TEI)
 - Prevención de violencia de xénero (3º e 4º de ESO)
 - Habilitación dunha Sala do alumnado, en colaboración coa biblioteca, onde o alumnado poida realizar actividades diversas, traballo en grupo, xogos supervisados, lectura de prensa e materiais específicos sobre a materia de Igualdade de xénero.

4. Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar

1. Plan de atención a pendentes

5. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia

1. Realización de artigos científicos de carácter estatístico e/ou numérico.
2. Recepción e avaliación de artigos científicos de centros do contorno.
3. Edición e difusión do primeiro número de *Marco Numérico*.